

RANDA JARRAR

# Un mapa do lar

Traducido por Moncho Iglesias Míguez



Hugin e Munin

## UN

### OS NOSOS NOMES PROPIOS

Non lembro como cheguei a coñecer esta historia nin sei como aínda podo recordala. O 2 de agosto, o día que nacín, *baba*, o meu pai, estaba no cuarto de enfermeiras do Centro Médico St. Elizabeth de Boston cun bolígrafo entre os dedos cubrindo a miña partida de nacemento. Botara a correr escaleiras abaixo segundos despois de eu nacer, en canto o doutor lle asegurou que eu estaba ben. Estivera a piques de morrer, sobrevivira, case morrera de novo, e agora ía vivir. Mentres enchía o formulario, baba deuse de conta de que non estaba seguro do meu sexo, pero iso non importou; sempre pensou que era un neno, falárame coma un neno mentres me protexía no útero de *mama* no medio de restos amnióticos flotantes, e ao achegarse á casa que contiña a pregunta, NOME DO FILLO/A, escribiu, treméndolle a man, no seu mellor inglés e en cursiva, Nidal (conflito, loita). Non era o nome do meu avó, e baba, que se chama Waheed e ao que de pequeno lle chamaban Said, era o único fillo varón da familia; así que a responsabilidade de poñerlle a un fillo o nome do avó recaía directamente sobre os seus ombros. Foi unha responsabilidade que se sacudiu dos entón firmes ombreiros de maneira brusca, coma unha bóla de peluxe ou unha feila; estas son as analoxías que escribiría ao día seguinte o meu avó, furioso, nunha carta enviada dende Ienin a Boston.

E por que estaba o meu querido baba cubrindo a miña partida de nacemento xusto despois da miña nacemento? Porque

antes do seu nacemento, tivera tres irmáns que se evaporaran como tres tenues estrelas fugaces antes de que ninguén puidese escribirlles unha partida de nacemento, menos aínda a de defunción. As supersticións superaron o seu desexo de collerme no colo xusto despois da miña aparición, e alén diso, dixo para si, tiñamos o resto das nosas vidas para facelo.

Unha vez que enchera todo o formulario, baba entregoullo con moita cerimonia á enfermeira negra, que lembra que se chamaba Rhonda, e que fitou para o nome e soltou un «Hostia!». Entón baba, en chinelas, deu volta e apurou o paso polo corredor de baldosas brancas, arroteou o ascensor, subiu os tres pisos até a maternidade e irrompeu na sala de partos. Mamá dábase de mamar e eu chupaba con ansia o costro, perdendo a súa mamila de cando en vez.

—Como está a miña raíña? —dixo baba, aloumiñando a cara da miña nai.

—É preciosa —dixo mamá, crendo que se refería a min—, e máis de tres quilos e medio, a moi vaca! Non é de estrañar que tivese as costas tan...

Baba engurrou a fronte e mamá non puido rematar a súa queixa, porque, disposto a emendar o seu erro, baba xa estaba fóra e baixaba a correr polo vestíbulo de azulexos brancos; deixaba atrás nais novas cos seus petís de cara rubia; deixaba atrás batas horrendas de estampados rechamantes, arroteaba o ascensor e escorregaba polo pasamáns das escaleiras para aterrar por último cun golpe nas pelotas. Moito apurou, o que sen dúbida provocou medo nos pacientes e nas enfermeiras do hospital, quen viran un tipo de enorme bigote e pernas frouxas que ao chegar ao seu destino berraba por Rhonda, «Onde está Rhonda, axúdame, Rhonda», un clamor que asegurou tres valiosas semanas de gargalladas e risas interminables entre o persoal.

Por que baba supuxera, ou máis ben esperaba, que eu fose un neno? Porque antes de el nacer, a nai tivera seis fillas e non houbo quen celebrase os seus nacementos. Viu as irmás crecer

